A Voz do Condado

Voceiro da Asociación de Veciños do Condado

ANO II — SANTOS 1978 — N.º 6 — 4 Pesos

EDITORIAL

E seguimos coa mesma. As trafulcadas non paran e os trafulcadores multiplícanse. O labrego está tan habituado de ca cotío lle caian paus no lombo que xa o ten insensible. Xa non basta con encherlle as terras con celulosas, centrales térmicas, alúminas, etc., xa non chega con atravesarllas con autopistas que lle aillan as veigas, con embalses que llas afogan, que agora en canto xurdiu o problema da pesca, o Estado Español xa topou outro xeito de esmagarnos: pra poder pescar (240 licencias) nas augas do Mercado Común, hai que lle mercar carne conxelada o proprio Mercado Común, É decir hai que importar carne. A isto chámallese roubar, é colonizar. E como tal colonia, cando un sector de producción da mesma se funde, sálvase a costa de arruinar a outro. A importación de carne é fundir a nosa gandeiría, e hoxe por hoxe nós somos o primeiro país productor de carne da Península Ibérica. E isto pra que vale?. Pra que sirve o sacrificio do sector gandeiro por unha banda e do pobo, en xeral, por outra? É sinxelo, pra protexer a unha cras privilexiada de sempre: os armadores. Uns armadores que fixeron as súas flotas a base de cretos do Estado e untando a quen tiñan que untar. A hipoteca da ganadería galega vaille a encher o bolso ós de sempre. Porque o mariñeiro, o home que fai posible a pesca, ise o úneco que conquire é manter o posto de traballo por tres meses máis. Despois seguirá a vivir a inseguridade laboral de sempre.

Istes tratados conquiren, de xeito indirecto, a depoboación do campo. O abandono dun traballo que xa non da pra comer. É unha estratexia, que sincronizada coas contribucións, cuotas empresariales, negaciós de cretos, confecciós de Plans de Ordenación que cáseque imposibilitan a construcción no rural, etc. etc., van valeirando a nosa Terra de xente. E canta menos xente, menor resistencia. Ainda que en casos sexa unha resistencia pasiva. É propiciar o intre de encher a Galicia de irracionalidade industrial. Por iso, dende o barrio máis lonxano da parroquia deica a propria Vila, o pobo ten que se orgaizar, ten que estar a espreita. Ten que loitar polo que é seu. Porque do xeito, do novo xeito, que están a facerlle as cousas, cando sedecate da espoliación, vaise a topar de emigrante no Zaire.

ERGUEIVOS

Erguéivos galegos, correde Lixeiros,
votemos os ladrón dos nosos eidos.
Non deixemos que cubran de cinza
noso chan, hestoria e monumentos,
ergamos a voz, si fai falla a fouce
con ben acompasados movimientos.
Vaiamos diante cantando
pra animar a xente temerosa,
e coas mans de todos buscando
a liberaciós da terra nosa.

GALICIA CEIBE

FELICIANO BARRERA
Filantropo e cacique

Feliciano é un home con moita sorte, temos que recoñocer que él tamén a supo buscar. Como todos de sua edade, Feliciano foi a guerra, cando foi licenciado agarrouse o que había naquilo que él podía desempeñar, meteuse carabinero e foi destinado o País Vasco; alí estuvo un tempo, suficiente pra tomar amores con unhas mozas e casarse. Xa casado, Feliciano decidiu voltar a Madrí, donde estuvera denantes da guerra, pois non lle seduciu o posto fronteirizo, tan codiciado polas forzas de represión de contrabando por aquilo do soborno. Non, o Feliciano vense a Capital e acertou. Escomenzou de listeiro con un contratista de obras, por falecimento de éste quedou él sendo o amo. Cos conocimentos e relacións que adequeriu, deseguida formou —con un grupo de franquistas— unha inmoviliaria. Todo foi coser e cantar, amparados por elementos do goberno —que con eles repartían o importe das estafas—, escomenzaron a desvalorizar terrenos que despois eles mesmo compraban, facían o compromiso e a espolear a outro, a expropiar a quen non podía defenderse deste tipo de asoballadores. Do Goberno recibían grandes axudas a fondo perdido e cretos de moios millons. De esta maneira chegaron a construir grandes barrios de grán Madrí, ainda facendo de esas, istes individuos pasaban por grandes e boas persoas que se preocupaban de resolver o tan cacarexado problema da vivenda. En pouco tempo, Feliciano manexaba os millons que quería, dado a unhas circunstancias ilóxicas que soio se dan nun país mal gobernado como se ve que estuvo o noso, visto a corrupción na que estamos e que unha parte non quere sair.

Feliciano, xa novo rico, tiña que dar unha imaxen de sí mesmo, pra facer esquecer aquela do uniforme de carabineiro, pra acreditarse como home bo e sabido, nada millor ca na sua terra. Así, convertido en grán señor, escomenzou a sua etapa de filántropo regalando unha escola en Couso, un timplete e unhas cuantas trapalladas máis a sua parroquia, todas elas moi visibles, en lugares vistosos e concuridos. Todalas donacións de Barrera deberas estar disfrutando o pobo por lóxica e por xusticia, non por esmola, si non por dereitos propios, si non hubera especuladores e estafadores do pobo como Feliciano e outros moitos. Pois resulta inxusto que pobos de xente traballadora pasen a vida aplastados pola crase dominante pra que despois veña un dos lurpios que os estuvo a esplotar a darlle de limosna o que lle corresponde por lei.

Feliciano, coa sua filantropía caciqueira, recibiu moitos aprausos e homaxes, a prensa franquista apresentaba como un gran persoaxe, como un gran descubridor, como un sabio, total, un membro máis de unha organización de especuladores que pola sua condición fascista pasou de carabinero a multimillonario.

Feliciano, foi dos que manexou os diñeiros de emigrante, que canto máis mandaba menos tiña, por obra e gracia das repetidas devaluacións que tanto perxudicaron os traballadores e tanto beneficiaron os especuladores que sempre foron beneficiados nos pagos de impostos, declaracións da renta e nesas trampas diarias que se fan nas notarías cando se pon nas escrituras a terceira parte do seu precio real, todo está pensado pra favorecer os supercapitalistas. Feliciano especulou en Madrí, en moitas partes do Estado Español, tamén en Vigo, sempre escondéndose detrás das S. A. de sociedade anónima, como por exemplo Gulans Sociedá Anónima, chamándolle GULSA, estas sociedades que facían o desmontaban da noite pra mañán sempre estaban pensadas pra non pagar impostos e verse libre de responsabilidade o dar por desaparecida a firma, así medraron os listos que por ladróns recibían medallas condecorativas pra despois lucir en procesións e outros autos solenes, chegouse a por medallas a todolos ladróns e asesinos do Estado Español, medallas que pagaba o pobo e que pasaban a ser propiedá do lurpio de turno, e cando éste se iba a descansar a mansión de mármores corintios con despedida en grandes esquelas tratado de Excmo., Ilmo., Laureado e outros apéndices máis, herdan as suas esconsoladas familias todas esas miserias produto de roubo o de engaño. Feliciano, montou un hotel en Madrí que lle puso de nombre Mindanao, nel reuníase a fror e naa do fascismo pra cocer as grandes estafas a carón do bo marisco das rías galegas naquel edificio forrado de granios levados de Ponteareas, dentro daquel gran marco de luxo con alfombras persas, con vaxillas de China, con toda esuberancia, conquería Feliciano canto quería e as veces un pouco máis; ministros, subsecretarios e toda esa gavilla, cando chega o momento de ouseqular o amigo co sudor do pobo traballador, non solen ser mezquinos, dan a rego cheo.

Feliciano, montou unhas industrias en Ponareas, que no seu día deronlle moito pulo a sua persoalidá, nelas empregou xente que por agradecimento teríalle de ser fel en todolos terreos, tamén no político. Don Feliciano, un benfeitor pro pobo, él mesmo chegou a verse en unha imaxen filantrópica a que os seus paisáns todo lle debían. Cando a realidá é, que o que lle debemos a él a máis os seus compinches carasoles —hoxe Alianza Popular— é o atraso no que nos tuveron, a explotación na emigración, as miserias e esforzos que nos fixeron pasar, mentras eles como vivos retratos dos grandes Zares, celebraban orgías de todo tipo, alí, entre irmans ideolóxicos non se regateaba nada. Con quen non se portou moi ben o Feliciano foi con seu irmán Antonio no asunto dos terrenos de Málaga que lle embargou Sofico, isto aconteceu hai uns quince anos, despois Sofico sería outra firma das que estafou o pobo con moitos millóns que se repartieron os personaxes que nombramos denantes. Había que saber qué relacións tuvo Feliciano con Sofico. Ben sabido é que Feliciano fixose rico deste xeito que apuntamos, dista maneira que todolos fachas franquistas amasaron millóns roubándollos o pobo, sempre esentos de pasar polas comisarías, xurgados e cadeas. Eles foron os amos de todo, os amos das forzas armadas e os manexadores da mal chamada xusticia.

Agora Feliciano, despois de chegar a super-rico, a cacique de altura, gustaríalle ser un político legalizado polo voto, un representante de aqueles que un bo día lle deu unha escola ou unha chaqueta, que lle proporcionou un traballo mal pagado ou o recomendou en calquera asunto. Pro non, son moitos máis os que Feliciano estuvo fodendo durante a coarentena franquista, cousa que o pobo escomenza a decatarse como deixou ben craro cos poucos votos que lle deron a Feliciano na sua parroquia natal.

A Feliciano, tan amigo de figurar, dono de Correo Gallego, adicado a falar sempre moi ben do seu clan, non lle ade chistar a nosa crítica, pero como a de todolos caciques que imos sacando é tan soio unha mínima parte, pois as que teñen feito non hai espacio nin cabeza que resista pras ordear.

Non lle deseamos a morte a Feliciano nin a ninguen, pero a estes persoaxes non estaría por demais porlle un epitafio que dixera algo encol daquilo que foron e fixeron nesta vida.

Pra él podiaselle por algo así:
Aquí xace Feliciano Barrera;
foi donante dunha escola,
especulador coa terra;
un ladrón que deu esmola.

Xoan Groba

ICONA: lobos disfrazados de cordeiros

Icona, é unha organización de ladrón creada o amparo da dictadura franquista e dirixida polas multinacionales, o seu degoro é colonizarnos do xeito mais abusivo que podemos imaxinar. Todos sabemos cómo se fixeron donos de unha parte do noso territorio, donde lle apresentaron oposición, axiña o solucionaron coa presencia da Guarda Civil e algunhas detencións. Icona disfrazase baixo o nome de Instituto para la Conservación de la Naturaleza pra apropiarse de terras e rios, o seu nome non obedece pra nada a realidade, de conservación, nada, os rios contaminanse cada dia mais, os montes teñemos a criadeiro de madeiras pras industrias que tentan montar, a verdedeira riqueza estaba no gando que fixeron desaparecer, todo quedou en emprobecemento e diaspora. O engaño de Icona é malo de entender, pois simultáneamente atacanos por todolos costados, fixo emigrar os galegos a traballar nas multinacionales por aquilo que lle quixeron pagar, o pouco gando que quedou hai que mantelo a base de piensos fabricados por multinacionales, as multinacionales fan as importacións de carne pro Estado Español e de millo norteamericán, van facendo donos da nosa terra pra adicala a explotación.

O frente de Icona como de todo montaxe franquista, puxeron recenocidos fascistas, en Pontevedra temos o Sr. Borregón, home con unha faciana especial pra facer declaracións cargadas de cinismo co xeito tan peculiar neste tipo de estafadores. Querendo facer ver que Icona está pra conservar a Naturaleza, pra repoboar os montes de alcolitros crearon outra empresa chamada Proullasa na que puxeron o frente o fillo do Sr. Borregón, no Condado temos como mostra, que o irmán do alcalde de As Neves deixara o seu posto en Citroen e pasara a empleado de Icona, así quedan os roubos entre familias e caciques da mesme calaña. Fai falla ser fillo de Satanás pra engañar o pobo con esas maniobras tan baixas. Todo este montaxe ten outras moitas connotacións. O goberno franquista concedeu as multinacionales todo canto éstas quixieron a cambio de préstamos que nos medios de información que tiñan o seu escrusivo servicio deciannos que era ayuda americana. Agora ahí os temos, donos de montes pra que lle produzan materias primas, donos de rios pra producción de electricidade, donos da autopista pra servicio dos seus complexos industriais, o pobo paga, deixanos tan soio algo pra subsistir co fin de seguir dispondo de servidores. Temos que decatarnos, que estas empresas rapiñas, soio veñen a extraer o que temos, a fuxir coa nosa riqueza e a asoballarnos como pasa coa autopista. Icona de cando en vez repoboa un monte con algo de caza, un rio con algo de pesca e unhas paxareiras pra que todolas miren, así as sociedades de Caza e pesca fanlle o xogo tan ben, que demostran ser necios e malos patriotas. O cazador como o pescador, debe ter libertá pra ir por donde lle pete, debe ter conocimentos e concenciación pra respetar vedas, tamaños e sistemas sensatos, sin ter oue facer pactos con un organismo de colonizadores, que puxeron o seu frente uns estafadores como os Borregóns e outros tan bos.

Icona non é quen dicen que é, son lobos disfrazados de cordeiros pra esnaquizarnos. Votémoslos fora de Galicia, destruiámoslle toda plantación de alcolitros e si se opoñen destruiámolos a eles tamén, por estafadores do pobo e depredadores do noso chán. Galicia ten que ser ceibe pra ser respetada.

Viva Galicia Ceibe

Xoán Zuñiga

CHINA E CUBA SON DO POBO; ESPAÑA DOS BOTEJARA

Visitas a China e Cuba

En fechas moi recentes os Reis de España visitaron China, e o Presidente Suárez, Cuba. Polo que se viu nos televexos e reportaxes periodisticos, os países visitados non teñen ningún parecido o que nos decía a información o servicio exclusvo do franquismo. Non estaría por demais votar una ollada a prensa de fai uns anos, e ver como puñan a Mao, a Fidel io Ché Guevara ¡Cómo cambia o Mundo!

A visita dos Reis a China non lle gustou nada os fascistas, máximo condo viron o satisfeitos que estaban co recibimento ca Raiña se mostrara tan amaebele e atenta co pobo Chino ee as suas costumes. O Rei pola sua banda fixo xinasia nas ruas como un chino calquera, e honrou o Presidente Comunista MAO, pondelle un ramo de frores no sua tumba.

Suárez, o comenzo un pouco acobardado e receloso, logo se decatou da nobleza de Fidel, honra de Galicia por ser fillo de galego. Suárez movíase tan a seu gusto como si estuvera de visita en Avila.

A volta os nosos viaxeiros sosteveron unha conversa telefónica:

SUAREZ. Vengo asombrado del gran país que es Cuba.

O REI. Pues China es algo maravilloso, siento mucho que mientras que Mao y Fidel hicieran dos grandes países los franquistas hicimos la España de los Montejara. Os teléfonos estaban intervenidos por mandado de Fraga.

CITROEN: a xusticia pola man

En Citroen, non é ouro todo canto reluce. Neste tipo de empresa clasifícanse a os homes como si fosen mercaduría. Uns de bata branca, outros de bata azur, outros marela, todo pra dividilos en crases e mais en ideas pra conquerir que se escornen entre eles. A coor da vestimenta ten comparanza co traballo a desempeñar, hai os que traballan, os que fan que traballan, os que vixian, os que espreitan, os que mandan, os que ordean, os que abusan, ecétera. En Citroen caseque todos son xefes, uns xefes dos outros, e os outros dos outros, é asi como si fosen pasos de escaleira. Pra que o odio entre eles se acrecente, establecen unhas diferencias nos xornales que vai acorde co coor da bata ou funda que visten, é así como lle fan pasar a vida o mais amarga posible, unha gran maioría cando saen do traballo, esteriorizan unha gran ledicia que os leva a facer unha vida de pequenos burgueses pra esquecer as amarguras que lle fan pasar alí dentro.

Pouco denantes das derradeiras vacacións, aconteceu un caso que deu moito que falar, o Sr. Pazó —xefe de equipo— conocido abusador dos operarios, solia tratar mal os que non lle traian regalos, pois xa decia él, aquí o que non traia coñá fareillas pasar putas. Un bo dia, cando un operario chamado Martínez, lle adevertiu que non lle tiña apuntado unhas horas, o Sr. Pazó moi fanfarrón respostoulle que: aquí en Citroen hai moito fillo de puta, insulto que Martínez non tolera, polo que lle meteu unha descarga de puñetazos naquel corpo sin alma que soio atendia a esconderse como todo cobarde que non ten razón. Resultado, Pazó acompañado cua sua maldá e cobardía, foi levado a Povisa pra que lle curaran as mazaduras e lle arranxaran as costelas que lle rompeu Martínez cos seus puños de traballador. Tamén pasou bo susto o segredario de Pazó, pois por pouco tamén leva a sua ración. Martínez foi cambiado de posto mais pola petición de Pazó ca por outra cousa, Pazó colleu tal canquelo que morre de medo cada vez que ve a Martínez.

Outros dos xefes de equipo que as ten moi merecidas é Pedro Cobelo un destacado C.D.T. —pega papeles e asusta os mais asustados— é ademais un acérrimo anticomunista, pois sempre dice que él os mataría a todos e gozaría despois vendo como lle morrían os fillos de fame. Polas manifestacións é doado comprender que este individuo é unha besta brava e criminosa. Iste analfabeto, ruin e perseguidor soio protexe a seu irmán Andrés que é tan bo como él. Este par de salvaxes están moi mal vistos na sua parroquia de Areas-Pontereas, pola sua idioloxia caciquil e fascista. En Citroen poden ir contando coa mesma leución que lle deron a Pazó.

Esta queixa acraratoria, vai dirixida a todolos déspotas e abusóns, non quixéramos ver mais espeutáculos como cando o Sr. Pazó pedía ausilios agachándose como unha galliña choca. ¡A portarse ben, muchachos!

POMBO

OS ABUSOS DE FENOSA

Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S. A., FENOSA, fixo sempre o que lle petou. Dn. Pedro Barrié de la Maza, (Q. E. P. D.), foi un home astuto como un raposo, cando foi da nosa desgraciada guerra xogou con duas baraxas quedándose logo con Caudillo Franco, o cal lle pagou as axudas ben pagadas concedéndolle patente de corso pra espropiar as propiedades do pobo, polo que el quixera pagarlle cando pagaba. Tamén o fixo dono dos rios e deulle licencia pra cobrar os kilovvatios a medida da sua boca. Como xa non lle podia dar mais tamén lle concedeu o título de CONDE DE FENOSA, iste título non deixa de ter a sua gracia, pois si a Dn. Pedro se lle ocurre montar unha fábrica de chourizos e se fixera igoal de rico otorgarianlle o Condado de chourizo que coa S. A. pasaría a chamarse CONDE DE CHOURIZOSA, asi quedou en CONDE DE FUERZAS ELECTRICAS DEL NOROESTE, S. A., moi suficiente pra amasar unha enorme fortuna roubando o pobo como fixeron os seus homonimos familia Oriel de Urquijo tamén co seu título de Conde.

Ainda que alguen pense que estamos decindo as cousas por decir, non é asi, somos conscentes das que fixeron esta crase de xente e solo tratamos de alertar o pobo pra que non tropece duas veces no mesmo sitio. As estafas que fixo Fenosa, decian o seus relacións pubricas cando viñan a expropiar oue eran forzosas por ser de utilidade púbrica, istes cans amaestrados pra engañar o pobo eran sempre apoyados polas forzas da Garda Civil e Policía Armada, como aconteceu en Castrelo de Miño. As Encrobas e outros lugares. Sabemos de unha expropiación que fixo Fenosa pagando oitocentas mil ptas., vendéndolle despois a Minas de Rio Tinto (Patiño) por vintacinco millones de pesetas. Esta estafa os labregos non foi pubricada nos periódicos, nin sacaron a Coondesa da Electridade en televisión como cando entrega algunha miseria nun asilo ou colexio.

Na nosa bisbarra do Condado Fenosa sigue facendo o que tomou por costume, abusar. Cando no ano 72 a galerna tumbou moitos piñeiros, as liñas (xa vellas) foron rotas e despois arranxadas moi a presa, como era lóxico de maneira provisional atando os aramios os piñeiros. Pasados mais de seis anos seguian na mesma situación, sin medidas de autura e prestando un servicio moi irregular. Fai pouco, un veciño tuvo que talar un carballo, e ainda que tomou todalas precaucións, unha ponla tocou nos aramios e o contauto produciu desarranxos en varios motores de uso doméstico, os cales pagou o dito veciño. Fenosa, sendo a principal culpable da desgracia que poldo ser gorda con mortes incluidas, tuvo a descarada desfachatez de sancionar o xa prexudicado coa suma de TREINTA MIL Ptas. que tamén xa pagou. Sendo Fenosa a que está abusando dos usuarios, dándolle un servicio pésimo e perigroso en varios sensos, merecendo ser sancionada e ben sancionada e repetidas veces sancionada, é Fnosa quen sanciona. Iste soio ten un nome Estafa. Temos a decir, que Fenosa, a este mesmo veciño que agora sancionou, fai uns anos chantoulle tres postes dentro do eido sin lle pagar unha peseta. Visto o comportamento de Fenosa queremos avisar o que faria co Salto de Sela.

De iste caso e outros moitos, boa parte de culpa hai que cargarlla o encargado de zona, que ademais das desatencións cos usuarios tratandos con evidente despotismo, non de conta como están as liñas de conducción, e cando se presenta un caso como devandito, carga todo no que non sabe defenderse. E lamentable que a istes encargados se lle suba o cargo a cabeza como si foran os amos da bisbarra, cando todos vemos que pouca cousa són, e pola tarde ainda son menos cousa.

Temos a decir que o forno non está pra bolos, Fenosa que arranxe as liñas e que dea a forza suficiente, pois na maieria dos lugares non funcionan os aparellos de uso doméstico pola frouxeda da corriente.

Non quixéramos meternos con Fenosa por segunda vez, pro si pra fin de ano non funciona toda ben nista zoa, meterémonos de verdade, con inspeución da Delegación do Ministerio de Industria e o que faga falla.

Secundino

ENSINO

Asociacios de pais de Alumnos: a urxente necesidade dunha remodelación

O dereito ó ensino é inalienabel. Pro, quén controla ise ensino? Xa fora das disquisiciós da falla de prazas, da falla de mestres, da falla de instalaciós, que agora non imos tratar, estase a dar o problema da falla de control no ensino que lle se imparte ós nosos fillos. Quén e cómo controla os nenos dende que abandonan o fogar deica que voltan a íl?

Perante os anos coarenta e cincoenta ise problema no rural galego estaba afogado por outro: a loita pola escolarización dos nenos. Foron anos onde as escolas rurales carescían de medios materiales e humáns. Un mestre tiña que atender a mais de cincoenta ou sesenta nenos e sentíase satisfeito cando todos lle adeprendían a malamente por o seu nome ou facer unha conta de dividir. Diante dista situación, xurdiron unhas Asociaciós de Pais, cuia úneca aspiración era xuntar as cuotas suficientes pra poderen contratar unhos mestres que lle poideran garantizar ós seus fillos unhos estudos polo menos hastra o carto ano de baera sobrevivir e non importaba moito o xeito da impartición das crases. Eisí sairon xenerasciós de obreiros, labregos, e algún que outro universitario, traumatizados, disminuidos, e acomplexados a causa dunha nenez protagonizada pola suxeción a brutalidade dun ensino irracional que os descriminou tan asoballantemente daqueles outros nenos que vivían nunha situación familiar privilexiada económicamente. De todolos nenos da xeneración década do 40 que foron as escolas do noso rural, cantos sairon advogados, cantos médicos, inxeñeiros, arquitectos, etc., etc.? Non chega ao 1/1000.

Hoxe, aindna cando a problemática subsiste, as condiciós cambearon. Pro sigue a ahebr unha discriminación entre os nenos: os da Vila e os do rures misturaos a todos. Pro as vivencias duns son dabondo diferentes as dos outros.

Na teoría, existen as Asociaciós de Pais de Alumnos. A pergunta é esta: de pais de cáles almunos?. As agrupaciós escolares están todas ubicadas nas Vilas, nas capitales dos Axuntamentos. Unha agrupación escolar pode chegar a ter 900 ou 1.000 alumnos. Están todos ises alumnos representados nas Asociaciós de Pais? É evidente que non. No Condado, todolos concellos teñen unha Agrupación Escolar como mínimo. E imos dar un dato dunha asociación de apis en concreto. A de Salvaterra do Miño. O Colexio de E.X.B. de Salvaterra, ten hoxendía unha poboación escolar de 860 alumnos. E a Asociación de Pais ten 94 membros. Dista asociación, a meirande parte dos membros son de Salvaterra-Vila. É decir, que 94 persoas, presumiblemente todas elas pais de alumnos están na defensa dos intereses de 860 rapaces. Pódese pensar tal vez cos pais dos nenos que non están representados non lles interesa a formación dos seus fillos? Non. A cuota dista asociación é privativa pra capacidade económica de calquer labrego: 1.200 pesetas por ano e fillo.

O mais simpático de todo isto é co Segredario da devandita Asociación non ten fillo ningún no Colexio. Supoñemos, que tal e como está configurada ista Asociación, é mais pra defendensa duns intereses moi determiñados e moi concretos que pra defensa dos intereses dos nenos do rural.

Polo tanto, e ante o exemplo denanterior, é de pensar que de millor ou pior xeito pro con poucas diferencias eisí deben de funcionar a meirande parte das asociaciós de pais de alumnos de colexios adicados o ensino «público».

No noso entender, unha asociación de pais de alumnos, debe ter unhos cometidos moi craros e uns fins moi determiñados. Pra un neno que vai a escola, a escola non é o edificio, a escola escomenza no intre en que se despide dos pais pola mañán e remata cando se deita pola noite. E perante todo iste tempo debe estar protexido. Perante iste tempo hai que formalo tanto no que se refire o seu comportamento social como intelectual.

REMODELAR AS ASOCIACIOS DE PAIS DE ALUMNOS

Nun concello onde o ensino está masificado, é decir onde hay u colexio de E. X.B. que afecta a todalas parroquias, asociación debe ser federada. É decir, unha xunta de pais en cada parroquia onde hai alumnos. Un representante de cada xunta parroquial na Xunta do Concello. Xunta do Concello que estará dirixida úneca i escrusivamente polos representantes das parroquias. E nesta xunta as comisiós executivas des transportes escolares; de sanidade; de control do ensino; de deportes; etc. etc.

Ista Xunta de Pais na parroquia, na que deberían ter cabida todolos pais con nenos en edade escolar, cunhas cuotas reducidas (non mais de 100,— pesetas por ano) e o representante na Xunta do Concello, seren elexido democráticamente por todos tería moita mais entidade e os nenos estarían totalmente protexidos, pro todolos nenos, sin excepción.

Ensino: problemática e alternativas

A cotio xurden na socedade de hoxe, aspetos conflitivos que veñen a se engadir aos moitos que ten prantexados o ENSINO.

E por iso que a problemática faise cada vegada mais complicada é amosa que tanto o sistema que propicia o ensino como iste mesmo non dispoñen dunha base (Ideolóxica ou prática) idonea nin eficaz.

Espricaremos isto moi brevemente:

E un feito innegable que o ensino deriva do sistema de producción. Deica agora Galicia foi unha Nación colonizada polo capitalismo centralista e a burguesía galaga o servicio dise capital.

A pretensión diste sistema e poder empregar man de obra barata, esprotando irracionalmente unha terra que, potencialmente, é rica en recursos naturaes e materias estrativas eisí como nos seitores da pesca e da enerxía.

O sistema capitalista desfai as parroquias —ente natural por escelencia do home galego— no seu afán de centralizar as industrias e todo o proceso produtivo nas Vilas.

E craro que o ensino está planificado decordo a esas ideas polo que as estruturas do profesorado, están inspiradas unha formación alienante e que condiciona os futuros homes pra formaren parte do sistema, reproducindo constantemente as condicións que o fan posible e botando milleiros deles a emigración.

Un dos derradeiros conflitos no ensino tivo como protagonisas direutos os mestres desprazados (eisiliados diriamos nós).

Vamos ver como este problema que en principio pode parescer aillado e puramente profesional, ten unha incidencia direta na problemática esencial do ensino e por consiguinte na sociedade galega inteira.

A realidade que condiciona o feito dos desprazamentos forzosos dos mestres podémosla interpretar o raverso de determiñados indicadores:

1.º—O desenrolo económico galego estivo sempre supeditado a política centralista, xeneradora de desequilibrios socials que non deixaron outro recurso os traballadores que a emigración.

2.º—A falla de postos de traabllo, eisi como a de institucións educativas pra aqueles postos, condiciona que moita xente (especialmente son mulleres as afetadas por iste problema), encha as escolas do maxisterio, co que a pirmeira vista produce mais mestres que a demanda escolar pode prever.

3.º—A plañificación do ensino está feita dende Madri. Non se axeita a realidade histórica, económica, socio-política e cultural galega, sendo un fator determiñante o emprego do idioma castelán que reduce grandemente o rendimento dos nenos galegos.

Imos agora, a vista do dito, tentar de chegar a unhas conclusións que serán o punto de partida pra prantexar unha alternativa realista e comprometida de cara o ensino en Galicia.

ESCOLA DE SAUDE LABREGA

Continuamos hoxe con sinxelos consellos que poidan evitar cos accidentes caseiros convirtanse en dramas, caso moi frecuente no noso agro.

E normal ver antre os nosos paisans o padecemento disa enfermedade tan molesta como é a das VARICES. O marxen dos orixes da enfermedade, trataremos do xeito de atallala no caso de que istas reventen. Hai, niste caso, que evitar por todos os medios a aplicación do consabido torniquete; é moi perigroso e correse o perigro de colocalo a revés. Nembargante, o mais sinxelo, e sin necesidade de medios técnicos, e a aplicación sobre o lugar da zoa por onde abriu a variz dun pano limpo ou sinxelamente da man, presionando con certa forza sobor da ferida, e aito seguido erguer o membro todo o que se poida, tratando no posible que quede máis outo ca cabeza. O resultado será caseque inmediato; o membro deixa praiticamente de sangrar.

Si unha vez empregados istes medios, a hemorraxia persiste, debese acudir de inmediato a un médico, pro facendo no traieuto as operaciòns que acabamos de recomendar.

TORNIQUETES.—O torniquete consiste nun pano ou corda anudada, a un a traverso da ferida. Non é aconsellabel o seu emprego por persoas non familiarizadas coa medicíña.

Menos esposto e mais doado, é a colocación sobor da ferida dun pano ou sinxelamente da man, de feito que se faga un taponamento direto sobor da parte afectada.

No caso das varices, é importantísimo dicer que a inexestión de calquer tipo de alcoholes, i especialmente da augardente, é sumamente perigroso.

A MENINXITIS

Como todos sabedes, últimamente en Galicia hay unha gran incidencia de casos de meninxitis, caseque podeiramos decir que é unha epidemnia, pois nos centros hospitalarios entran todos os días casos de menixitis. Ista enfermedade epidérmica a OMS e o goberno do estado español teñen unha lei nana que se recolle que no caso de presentarse nun lugar o médico está obrigado a emitir un informe pra declarala; algún médico farao pro non se teñen datos de que o Ministerio de Sanidade tome medidas sobor disto.

Imosvos contar cales son os síntomas mais peculiares da meninxitis e o que debedes facer que é sempre, sempre acudir o médico.

Da moito delor de cabeza pola nuca e vómitos, os vómitos son a chorro, como se dun disparo de escopeta se tratara e ademais tense moita callentura, si se presentan istes tres síntomas o que hai que facer é ir inmediatamente o médico.

Temos que ir pensando no necesario que é un comité de Saude Parroquial, i escomenzar a crealos. Xa comentamos en números anteriores, é seguiremos falando nos que veñan do que son e pra que sirven os deabnditos Comités.

A sanidade en Crecente

En Crecente hai duas plazas de médicos, unha en Crecente mismo e outra en Filgueira. As duas con boa casa en vivienda. Pois ben, parece que a xente podía estar ben atendida con dous médicos. Máis non é así, pois moitas veces é difícil localizar un médico pra que dé un certificado de defunción, que é caseque o uneco que fan. Voume esplicar. En Crecente hai un médico vello que nin ten Rayos G, nin coche pra ir nun caso de urxencia e soio sabe recetar, o millor é a uneca medicina que conoce, «Formapen». O dos Rayos X non é problema, él debeos ter nos ollos, porque dí que lle basta ver a persoa pra saber o que tén, así danse casos moi concretos de confundir o Bocio cunha reuma, e outras cousas polo estilo. Ademais considérase él especialista en todo, pois é imposible que él dé un volante pra un especialista, porque él xa sabe todo. Isto provoca o que a xente teña que desplazarse pra ir a outro médico a pagar.

A plaza de Filgueira é algo curioso, ahí sí que hai abundancia de médicos, a lo menos tres. Cada día da seman vem un, así o primeiro recetalle unha cousa, si non sai ben volve o día siguiente o outro e dalle outra cousa e ainda ten a posibilidade o enfermo de que o día siguiente outro médico distinto lle faga o certificado de defunción. O parecer a plaza está subarrendada, hasta hai quen dí que os que veñen non teñen nin título, parece que son deses que viñeron de Sudamérica e como exercer a mediciña sempre da unhas pesetas máis ca traballar de pico e pala, pois «o que lle boten».

Bueno, a pesar de ser tres, ningún está alí, a ver se alguen vai a epnsar que a xente está ben atendida. Cada un deles ven o día, bueno a hora, que lle toca na semán. E iso que cobran servicio permanente.

¿Quén é o responsable disto?, ¿serán os labregos? Eu coido que non, eles pagan e dispois inda teñen que andar bastantes kilómetros pra ir a outro médico e pagar, claro. Sres. médicos de Crecente, ¿non saben que están roubando e estafando os veciños?

O AXUNTAMENTO

En Crecente tamén temos axuntamento, non vaia a xente a pensar que non somos importantes. Os veciños saben que esiste, porque todolos anos veñen a cobrar un recibiño po-lo coche, e cando veñen a vacunar os cans tamén cobran, e as veces veñen a chamarlle atención porque lle puxo unha tella no tellado porque tiña unha pingueira e non lle pidiu permiso a eles, e tamén lle cobran po-lo carro e moitas cousas. Bueno tamén fan algo po-las parroquias, por exemplo: fúndese unha bombilla un veaxuntamento, danlle un vale, ciño vai desde a sua parroquia a Crecente a veces o millor vinte kilómetros, pídea no vaina comprar aquela tenda que elles lle din e se ten posibilidades e senon paga un taxi e con un pouco de sorte pode facer este traballo todo no día despois de gastar, claro, en transportes e perder o día, pode ter a noite unha bombilla no cruce do camiño. Dispois de toda esta «Odisea» da bombilla o veciño a noite podese recrear a mirar pra ela, non moito tempo, pois como están mal colocadas, nun pouco de chuvia ou venta que veña xa queda o veciño sen a sua bombilla po-la que tanto loitou. Porque soio lle dan unha bombilla de cada vez. ¡Unha bombilla ven vale este esforzo!

Pero xa falaremos con mais calma do axuntamento e dos caciques de Crecente, pois vainos levar moitas follas, pero non po-lo que teñen feito, senon po-lo que deixaron de facer e o que fixeron mal ou o fixeron pra eles.

UNHA MAIS DO SR. GALEGO, SEGREDARIO DA CAMARA AGRARIA DE CRECENTE

Hai xente que nace con desgracia e así se vostede se chama José Rodríguez, seguro que na sua parroquia hai dous ou tres que se chaman o mesmo, o que non sabe vostede e que se presta o seu nome a moitas confusións e posibles trampas. Vai ver un exemplo: hai no axuntamento de Crecente unha parroquia donde vive unha mu-

(Pasa a pax. 5)

PONTEAREAS E SUAS NOTICIAS

Encol dunhas declaracións

«Me voy con la satisfacción de haber cumplido con mi palabra: trabajar» (o Cacique Castro).

«Si los colegios fueran negocio, habría muchos más colegios que bingos» (o Director do Colexio Santiago Apóstol de Ponteareas).

«El presupuesto de las fiestas está cifrado entre un millón doscientas mil y el millón trescientas mil pesetas» (Jesús Castrodeza, o Presidente das festas dos Remedios en Ponteareas).

CASTRO: FALAR A MEDIAS

Falou a medias. Non rematou as frases. Debería haber dito: cumplí como mi palabra: trabajar para mí, Porque é certo, traballou soio pra íl, boeno, e tamen pra camada feixista co apoia.

As súas declaracións son pura demagoxia. Dí él, que Ponteareas tiña 1.650 habitantes e agora son 3.400 (na Vila). Pro non dí co Municipio baixou habitantes cara o censo de 1970 e o de 1975. Non dí que o que fai subir a poboación da Vila é o abandono do rural que a íl interesalle manter cunhas condiciós de vida cara ós servicios de total aillamento. Fala de apertura de viales, pro é unha apertura que soio se da na Vila, e a abse de sacrificar o rural. Fala de axuda e colaboración da iniciativa privada, cando sabe, íl é promotor diso, cas maiores aberraciós urbanísticas da xeografía galega, danse en Ponteareas, e pra ratificalo está o derradeiro xuicio que en materia de infracción urbanística houbo no Xuzgado de 1.ª Instancia e Instrucción de Ponteareas, onde o Xuez non poido condenar ó Contratista , denunciado por Castro por desacato, por ser as infraccións en Ponteareas evidentes. Dí tamén que Ponteareas pode ser cidade residencial de Vigo, en base á Freixa. Pro non dí que antre íl e o cuñado quixeron roubarlle o camping, totalmente urbanizado, o pobo de Ponteareas, e co caso estivo no Xuzgado sendo íl reo. Fala do Instituto coma un logro díl, cando na prensa toda se publicou que fora un logro dos seus contrarios, os de UCD. Fala tamén do Pabellón Deportivo, pro non dí que é unha aberración a sua ubicación a beira da carreteira xeral e da de Mondariz. Fala de progreso do pobo de Ponteareas, cando o úneco que progresou foron os caciques e as cacicadas. Fala da aprobación do Plan do Condado, pro non dí que ista aprobación siñifica ca súa inmobiliaria siga facendo trafulcadas; non dí que lle abre as portas a Celulosa. Dí que traballa de 10,30 a 14,30 no Axuntamento. O cargo non é remunerado. ¿Paganle a íl por vagar? ¿En qué traballa íl pra manter a familia? Porque era funcionario de Sindicatos, pro aquilo necesitaba tanto díl, que non aparecía a traballar por alí. Hastra por non ir, non iba nin a firmar. El dí, pra rematar, cos Alcaldes deben estar fora de toda política. Pro íl, falanxista de toda a vida, ¿que é o que fixo hastra agora se non política?

Dí que se vai, pro nos parece que non vai cair isa breva.

O DIRECTOR QUE FALA DE BINGOS

Dende logo, ou a xente e parba ou queren facela máis do que o parece. O Director do Colexio de Ponteareas, dí que non é rentable o ensino privado. Que si o fora habería máis colexios que bingos. Pero home de Dios, xa os hai. E con directores con tan poucos escrúpulos coma Vde. Ainda nos lembramos das penurias que lle fixo pasar a maior parte dos mestres que pasaron por ise Colexio. Ainda nos lembramos de cando chegou a Ponteareas. Vde. coas mans valeiras, o seu hirmán Valentín cun saxofón nelas e un remendo no cu, e o José-Luis berraba máis coa fame que con outra cousa. A base do Colexio e a base do sudor dos galegos na emigración fíxose millonario i é dono dun Colexio con duas edificaciós, cando no pasado daba crases nun edificio vello e coa auga a cair enriba dos alumnos. ¿Qué quer máis, home?, ¿de qué se queixa? Vde. chegou sen ren e agora está cheo, os galegos tiñan algo e agora están na emigración; ainda que soio seña por agradescimente cale, cale e traballe, no que poida ou no que sepa, porque hastra nin Mestre de Escola con tíduo é.

E PRA REMATAR, DE PRESIDENTE DAS FESTAS OUTRO CROMO CASTELAN

Da noxo leer cas festas de Ponteareas andan polo millón duascentas mil pesetas. Con ises cartos, fanse catro festas comas que tí fixeches. Dempois da hestoria de «Mari-Carmen y sus muñecos», ainda hai quen te nomea Presidente das festas.

Paresce increíble que en Ponteareas non haxa naide capacitado pra enfrentarse cunha festa coma dos Remedios. Pero co pobo tome ben nota: catro rapaces con iniciativas orgaizaron as do San Miguel, e sin axuda do Axuntamento e céseque de naide fixeron millores festas cos falcatrueiros castelán con todo xeito de axudas.

O que vos, Comisión das festas de San Miguel, orgaizarades as festas con catro días de antelación e sairan como sairon, vai a servire de reflexión pra maior parte do pobo de Ponteareas. Home, con menos cartos, con menos apoio e con menos xente, facer unhas festas o doble de millores cas dos Remedios, xa ten gracia, xa.

A Clasificación dos Montes Veciñales

Pro pasado 23 de agosto, no axuntamento de Ponteareas, estaban citadas todalas parroquias do municipio, pra facilitar información sobor dos antecedentes dos montes veciñales de cada parroquia e a sua situación, información sobor da que despois ha se de basar a decisión do Xurado Provincial de Montes Veciñales pra sua clasificación, máis únecamente se presentaron ese día en Puenteareas a mitade das parroquias. ¿Cómo se explica isto nun asunto de tanta importancia e interés pros veciños?

As causas disto temos que buscalas primeiro na maneira de facela convocatoria, pois esta foi únecamente o traveso dos alcaldes - pedaneos de cada parroquia, cando a sua vez tamén tiñan que ser informados desta convocatoria as comisións de veciños pra recuperación dos montes que hai na maioría das parroquias.

Desta maneira Castro, que controla a cáseque todolos pedaneos formando parte de sua rede caciquil, consigue que moitas parroquias non se enterasen desta convocatoria e non fosen a facilitala información, e noutros casos algún dos pedaneos que foi fixou únecamente pra decir co monte veciñal da sua parroquia era propiedade do axuntamento e que toda a vida fora así; este é o caso do pedaneo de Bugarín Sr. Arístedes. Soio en contados casos os pedaneos colaobran co resto dos veciños.

Por si todo isto fora pouco, preséntase no axuntamento ese mesmo día ás 3 da tarde o cacique Fangio de Pias e monta o seu número, e dirixíndose os veciños das parroquias que estaban alí pra informar sobor do seu monte, dilles que aquilo é un engaño, que os montes non van ser devoltos os veciños, e que son propiedade do axuntamento, e que ademais alí non estaba presente a Corporación Municipal nin o Sr. Alcalde, e chamándolles cobardes os veciños porque non se marchaban e que lle fixeran caso a él, e dirixíndose a persoa que recollia os datos e dicíndolle demagóxicamente que porqué non falaga en galego (esta persoa é de fora de Galicia), e que polo tanto era un franquista, cando él mesmo, o Sr. Fangio, estaba dando o seu discurso todo en castelán, e así botou hastra ás 6 da tarde, a pesares de decir que tiña moito que traballar no campo e que non podía estar alí. ¿Cántos callos ten nas mans, Sr. Fangio?, qué interés ten vostede detrás de todo o seu montaxe de demagoxia infantil e caciquil, non será que non lle interesa que os veciños recuperen o que e seu, xa que senón foderiase o seu proxecto de realizar unha urbanización nos montes veciñales que a parroquia de Pias ten o pé do río Tea, e cos que vostede ten pensado especular despois coa venda de parcelas pra chalets.

O corresponsal, FUCO

¡COA BOMBA AS COSTAS

No pirmeiro número diste periódico xa se criticou a irresponsabilidade do Amadeo é mais a do Axuntamento, un por continuar co depósito de butano no centro da Vila e o outro por permitirllo.

Vai sendo hora de que se nos atenda aos veciños, xa que escomenzamos a estar cansos de levar este artefacto as costas, tendo que estar sempre agobiados polo pensamento de que «si ocurre isto ou ocurre o outro».

Nos, os veciños, vamos a facer pensar e lembrarlle unhas poucas cousas a ises «señores» irresponsables:

Vostedes non se lembran do que ocurriu fai pouco nun camping de Tarragona? Pois non é de esquencer xa que desgraciadamente morreu moita xente!

Vostedes non se lembran do cando arderon os almacéns Sestelo do medo que tiñamos todos? Pois era debido ao depósito de Butano.

Vostedes non se lembran que o depósito está moi perto do outro que ten a Ferretería Mariño? Pois non é de esquencer xa que se acrecenta o perigro!

Vostedes non teñen escoitado as queixas dos veciños cando os municipales queiman os papeles e restos no lugar da praza de abastos vella? Pois pensen un pouquiño nunha fuga de gas. ¿Qué pasaría?

Os veciños non é que sexamos pesimistas, pro xa é sin tempo de que se responsabilicen, eisixíndolle inmediatamente aos nosos «retores» municipales como mínimo:

1.º—Que o depósito sexa levado fora do casco e retirado de calquer vivenda 5 kilómetros como mínimo.

2.º—Que se poña un guarda cómo e debido e non o can.

3.º—Que se revisen e vixilen constantemente as medidas de seguridade.

Os veciños da rua de abaixo queremos protestar pola falla total de puntos de lus ao longo de toda esta carreteira, cousa que é imprescindible nun núcleo de poboación é ademais que se trata de unha carreteira xeral e os automóviles circulan a bastante velocidade. Pois xa non é a pirmeira ves que ocurre algún acidente grave debido precisamente a falla de visibilidade noturna. Isto agora agrávase moito mais pola situación do chamado pabellón deportivo, no que a maioría dos que o usan son rapaces de corta edade.

¡ENSINO: PROBLEMATICA E ALTERNATIVAS

A falla de planificación escolar da como resultado que Galicia seña a Nación de índice mais baixo en postos de preescolar de todo o estado hespañol, namentras que na meirande parte das parroquias quedan os edificios sin nenos e sin mestres.

As concentracións escolares son na maioría dos casos, irracionaes, con deficiencias notábeles de infraestructura (Transporte, equipamentos, teléfono, etc.) convirtiéndose en auténticos almacéns de nenos. Podemos ilustrar isto con algúns exemplos da bisbarra do condado. En Salvatierra, pra un edificio capacitado pra 16 unidades, imparten crase 30 mestres, o que supón caseque o doble da sua capacidade real. Na nosa mesma bisbarra hai autobuses que xa están retirados de circulación e que fan o transporte dos nenos, namentras que hai rapaces que teñen que andar dous kilómetros polo monte (en caso de atallo) pra chegar a parada.

Eisisten moitas aulas que contan con deica 40 alunos (a UNESCO establece un másimo de 28 alumnos por aula).

Somentes na provincia de Pontevedra, a vista distas conclusións, poderíanse crear mais de 700 escolas, que de por sí resolverán dabondo o problema dos mestres desprazados e satisfería as necesidades de preescolar e a desconxestión das aulas que contan con un número superior de alumnos que o que a UNESCO preconiza.

Concretaremos a nosa alternativa en seis puntos básicos:

1.º—O ensino debe ser púbrico e gratuito dende os 3 anos 16 anos.

2.º—O control democrático dos centros debe levarse a cabo por todos os implicados no ensino; especialmente polos pais de alumnos.

3.º—Os programas educativos deben estar decordo coa realidade galega, coas suas necesidades de producción e a sua idiosincrasia social.

4.º—E necesaria a reestruturación das concentracións escolares, dedicándoas aos niveis mais outos i equipandoas debidamente. E darlle primacía as parroquias, entes naturaes da vida galega.

5.º—O Galego ten que ser a lingua oficial de Galicia, e por tanto o idioma que se empregue na escola.

5.º—Eiqui vamos resumir iste punto non coa nosa soia opinión, mais ca solvencia que inspira un orgaismo internacional de preno recoñocimiento.

A UNESCO di:

A lingua nai é, dende o punto de vista sicolóxico, un sistema de siños que funcionan automáticamente no cerebro do neno, sempre que él queira espresarse ou comprender; pedagóxicamente, a lingua nai permite adeprender millor e mais axiña ca outra lingua mal coñocida; e socolóxicamente, a lingua nai, vencella estreitamente ao neno a coletividade da que él forma parte».

6.º—E imprescindible ensinar a cultura galega, a sua verdade. Hai que facer homes que traballen dacordo coa realidade da sua terra e isto non será posibel si denantes non lle ensinamos na escola.

Somentes baixo uns presupostos como os que quedan espostos, é coordinados coa sanidade, a cultura, ourbanismo, a ecoloxía, etc... pode o Ensino galego ser verdadeiramente útil a nosa Nación Galega.

RIBADETEA

¿QUE FIXO CASTRO NA ALCALDIA RELACIONADO CON RIBADETEA

Primeiramente temos que falar dos seus mais direitos colaboradores na parroquia. O tipo da parraquia que mais se lle prestou a todas as suas cacicadas é o Sr. Amil, que nun comenzo era o alcalde-pedáneo, mais cómo él era corpinteiro e dispois de levar un pouco de tempo de pedaneo, o choio fracaspulle polo agradecida que estaba a parroquia da sua laboura. Entón foi o intre en que lle presentou a dimisión a Castro, entón mandado por Castro encargouse de burcar o seu sustituto, xa de volta na parroquia, él e mailo Inés, foron a falar con Carlos do Montés e o Rato, casualmente ningún dos dous lle acetou, con testandolle que pra ser pedaneo con Castro, había que ser moi sinvergonzas, despois deste primeiro fracaso foron a falar con José Otero e iste si acetoulle o cargo. Entón é o momento de facela campaña electoral, pois ou Otero tiña que sair elexido pedaneo, polo que foron e fixeron unha convidada pra todolos amigotes e a familia de Otero. Entón Ribadetea xa tiña novo pedaneo, e uns dez días mais tarde convocan unha reunión a que soio asisten unhas corenta persoas, cando a parroquia ten mais de 600 persoas en maioría de edade, cousa que xa desacredita calquer acordo tomado naquela reunión, pois alí celebrouse a votación e cómo xa estaba previsto sae elexido Otero. Así de democráticos son Castro e a sua camarilla.

O capítulo mais destacado está no venda de terreos comunales que lles pertenecían a todolos veciños e que están situados nos mellores lugares da parroquia.

—Venda de terreos na Regueira da Besta pra fábrica Vulcán-Ibérica, 2.200 m2.

—Lombo da Barxela, pra unha fábrica de confeccións, de 1.700 m2.

—Monteaberto - Lombo da Arca, 4.000 m2, pra fábrica de Aldenosa.

— Muiño do petello, 1.000 metros cuadrados, o Garda Forestal Rosendo.

— Ultimamente venda de 600 metros cuadrados pro matadeiro Avigan.

—Solar de 1.000 m2. no barrio de Santa Crus, que saliu púbricamente a subasta, neste último caso o enterarse a parroquia e tratar de impedirlle a venda, o «matadeiro» mandoullo mercar o seu cacique na parroquia, ex-pedaneo Amil, cómo que era pra parroquia, cousa totalmente ausurda, cando o terreo xa era da parroquia, pero detrás disto estaba a merendada que uns días mais tarde tomaron no restaurante Monteverde, Castro, Amil e mailo Inés, despois co bandullo cheo faise o trato e o terreo pasa a ser propiedade da Inmoviliaria Canedo, ésta mais tarde especula con él e vendello a un de Porriño, que a sua vez volveo a vender a outro tipo que é o que o ten actualmente, éste tipo está continuamente ameazando os veciños e incluso se atreve a escavar na pista pra sementar patacas.

Entre a venda de estes terreos e a madeira que nos leva roubado do noso monte durante os nove anos de asoballamento caciquil, pasan de 40 millóns de pesetas.

Noustante as obras realizadas durante este tempo na parroquia, foron todas feitas coa axuda económica dos veciños, andando a pedir polas portas o Sr. Amil, incluso se valía de levar con él o Sr. Párroco.

De toas as obras feitas, a rede caciquil de Castro sempre estivo controladoo todo, mais en ningunha presentaron contas os veciños cómo era o seu deber xa que os cartos eran de todos. Despois de tanto reclamarllos, soio presentaron as contas da traida de augas e pra iso tarde, mal e arrastro, pois soio dixeron que cobraran pesetas 400.000, mais a pesares disto istes cartos siguenos tendo unecamente a sua disposición, xa que a comisión de augas componse da xa coñecida comparsa de caciques, ex-pedaneo Amil, o cura e o Sr. Inés, pois o Sr. Otero é totalmente manexado por Amil; cos vocales e o resto da comisión non acordan pra nada.

— O MONTE COMUN DE VECIÑOS

No pasado mes de agosto o Sr. Otero, reibiu unha carta indicándolle que o día 23 dese mes debería presentarse no axuntamento de Ponteareas, acompaañdo doutros veciños que estiveran ben informados sobor do monte común da parroquia, precisamente esta convocatoria era pra recoller información pra clasificación do monte polo Xurado Provincial de Montes Veciñales en Man común, e cómo é sabido por todolos veciños, na parroquia hai unha comisión elexida en asamblea polos veciños, encargada de recuperar o monte, polo que o seu deber era de avisarlle a ista comisión cómo parte directamente interesada, mais non foi así e vexamos a que persoas levou o Sr. Otero con él:

O Sr. Inés, que cando a citada Comisión foi a recoller firmas, decialle os demais veciños que non firmasen, xa que as firmas, según él, eran pro comunismo e que os papeles levaban a bandeira comunista, cando o que si levaban era unha franxa azul, facendo a bandeira de Galicia. Antonio da Rabadeira que non quiso firmala instancia, decindo que él era unha autoridá dos caciques. Pola sua parte o Sr. Otero daquela dixera que os que firmasen iban a ir todos presos, (por pedir o que é noso), cándo os que realmente tiñan que ir pra cadea eran eles por caciques e ladróns do pobo. Así que xa podiamos imaxinar o información que iban a facilitar estes tipos sobor do noso monte, mais a comisión do monte que está sempre alerta a estes mandos caciques, tamén se presentou ese dia no axuntamento pra facilitala información sobor dos antecedentes e situación do monte común de veciños, chegando a haber incluso un enfrentamento verbal por este motivo entre a comisión do monte e a camarilla caciquil, pois o Sr. Otero decía que él era o úneco que mandaba na parroquia, pero os veciños consideramos que a úneca autoridá que ten el na parroquia é ter conta dos cans que andan soltos, ahí é dónde pode facer a sua dictadura, pero teña coidado Sr. Otero que os cans tamén traban.

— A CANALIZACION DO REGADIO

Cando foi da canalización do regadío, fixeron dar a cada beneficiado 240 ptas. por área, o terminala obra non se soupo nada de cómo quedaron as contas, mais o que sí sabemos os veciños é que a conta dos nosos cartos estes caciques foron comer unha oba mariscada o bunker do «Otro mundo del Tea», invitando o «matreiro», e o «Cabeza de Cebola», (Represas o da Cámara Agraria, Antes Sindicatos).

— A AUGA DAS VEIGAS PRA TRAIDA DE AREAS

Referente a auga da Fonte do Ouro e Pozo da Brea, as duas co nacente nos montes da parroquia que regaban fincas dentro da mesma parroquia, foi autorizada polo alcalde pra que a levaran pra traida de augas da Lomba-Areas, e axudado polo Sr. Amil que lles mostrou o sitio pra pasar a cañería e pediulle os veciños das propiedades, e co pedaneo Sr. Otero diante cortandolle a madeira pra pasar coa traida. Así os veciños regantes, polo de agora quedaron sin auga, tendo agora que a parroquia reclamar a auga e andar con mareos por culpa de 3 caciques da parroquia.

Todos istes roubos, estafas o pobo, comilonas cos cartos dos veciños..., podemosllo agradecer a Castro e a sua comparsa caciquil da parroquia, e o señor Represas «Cabeza de Cebola»..., antes todolos eles eran adictos do Movimiento, hoxe de Alianza Popular uns, outros de Unión de Centro Democrático ou do AGAP, non nos engañemos, son distintas caras dunha mesma moneda, xa que todos son a mesma camarilla, e mañán poden ser calquer outra cousa, non lles importa cambeala chaqueta unha ves mais, o seu uneco ouxetivo é conservar os postos e seguir manexando a xente, estafando e vivindo a conta do pobo, pero o pobo tamén sabe dar chaquetas e o mellor xa non fai falta que a volvan a cambear, o pobo tamén sabe coller a xusticia pola man cando é necesario i estes tipos han de dar contas dos seus feitos.

INFORMACION FACILITADA POLO NOSO CORRESPONSAL EN RIBADETEA. XURXO.

BUGARÍN

Un grupo de veciños de Bugarín pasanos a seguinte nota informativa:

A primeiros do mes de Setembre levouse a cabo unha Asamblea Parroquial na que se tomaron por acordos seguintes:

—Formación dunha asociación de Veciños.

—Pedir a clasificación do monte cómo común de todolos veciños.

—Recoller firmas entre os veciños pra pedir a dimisión do pedaneo da parroquia Aristedes.

A Comisión elexida na Asamblea pra levar a cabo istes acordos, púsose deseguida a traballar e xa foron entregados os estatutos da Asociación de Veciños no Goberno Civil, xa se facilitou a información pra clasificación do monte e foron entregadas as firmas dos veciños cómo que o monte é propiedade común da parroquia.

or outra parte o motivo de que os veciños pidan a dimisión do pedaneo da parroquia está no seu comportamento caciquil cos veciños e total colaboración con Castro, pois él e a sua camarilla autorizoulle pra que cortasen madeira no monte veciñal, realizándose a subasta desta madeira o mesmo día que era entregado no axuntamento o escrito que poñía en conocemento do Axuntamento os acordos da Asamblea e se lle notificaba que non dispoxeran pra nada do monte, cousa que o alcalde non lle fixo caso e realizaron a subasta igual, mais os veciños non estamos dispostos a que nos rouben a madeira unha vez mais, pois desta costa soio sería invertida na parroquia o 25 por 100 do seu valor total, quedandose o axuntamento co resto, cando o monte é unecamente dos veciños. Ao mesmo tempo este elemento cando foi o Axuntamento a informar sobor dos antecedentes dos montes, o uneco que dixo foi que o monte sempre fora propiedade do axuntamento, cando é ben samente os posee na actualidade, bido que o axuntamento unecadebido a que despois da guerra nos foron roubados a punta de pistola, pois dende tempo inmemorial os veciños poseiamolo monte pra aproveitamento de leña e toxo, habendo incluso veciños que sementaban ou prantaban arbores no monte, sendo respetado isto por todos os demais veciños; o que iste cacique fixo foi traicioar a sua parroquia, e os veciños xa non estamos dispostos a aguantar mais as suas cacicadas.

TORTOREOS

Co gallo de unha escursión subencionada po la Extensión Agraria, pra podermos ir polas zoas do sur do Estado Español i estudiar un pouco o funcionamento dos invernaderos e a evolución dalgúns produtos que se recoletaban neles, algúns veciños de Tortoreos e de algunha outra parroquia fomos timados polo agente da Extensión Agraria do Rosal José Pérez Varela.

Como decia denanes a excursión era subencionada, pro iste elemento non parou durante todo o viaxe de sacarnos cartos os labregos; o final cando viñemos de volta pedimosslle algúns que queríamos saber cómo quedaban as costas pro o tipo deulle largas o asunto e ainda hoxe non sabemos nada.

José Pérez Varela: Fai o favor denantes que decidamos ir a buscarte polas orellas, devolver as 7.000 pts. que nos roubache a cada un, e sinon, sé un home e ven a Tortoreos a rendirnos as contas os veciños que efeutuamos o viaxe.

SALCEDA DE CASELAS
OS LOBOS DEVORAN OS CORDEIROS

Fai uns días, aparesceu no monte da Dagüela un montón de osos pelados que os que os viron a decir que perteñecían a unha ouvella un carneiro, ou calisquer tipo de animal da familia dos ovinos. A voz correuse pola barriada coma lume e non tardu en cundir o pánico ante a posibilidade de que andivera merodeando aquela zoa unha manada de lobos ou de cans salvaxes (Lubicans).

Non estaban trabucados en ren os veciños xa que uns metros mais arriba erguese maxestuosamente a gran mansión do Jaime a carón do coartel da guardia civil.

Mais tarde unha pequena investigación daría coas raíces do conto dos osos. Ha hestoria e como sigue:

Na parroquia de S. Xorxe proietouse faguer unha carreteira por onde pasa o camiño da Laxe. Pois, todo se aprobou, é os veciños un por un foron cedendo algúns metros dos seus terreos xa que metidos a faguer unha obra que os beneficiaría a todos, o mellor era darlle unha anchura respectabel e non ter dempois problemas de espacio. Pero os problemas chegaron preto, cando foron a falar co Luis Cabeleiro, mais coñocido polo Luis do Anxo. Iste home dixo que soiamente cedería o terreo si lle deixaban rematar unha obra que había escomenzado a construir nun terreo veciñal no barrio da Vendanova; Obra que paralizouse sendo por aquelas datas alcalde de Salceda o Manuel Barros. A devandita obra escomenzarase a facer porque o Luis pedíra permiso pra facer un pequeno almacén pra gardar materiales. é cal sería a solpresa dos veciños o ver que o galpón transformábase nunha casona de pedra na que no baixo tiña intención de montar unha carnicería.

Pois ben ante a imposibilidade de levar adiante a obra negouse rotundamente a ceder o terreo.

A hestoria sigue pois un día da noite pra mañan os postes que pechan o luar do Lus do Anxo a veira do camiño da Laxe, apareceron todos tirados no chan, bloqueando totalmente o camiño. Luis ao erguerse foi direutamente ao Axuntamento a denunciar o feito. Perguntaronlle si sabía quen había sido i el contestou que non e que tampouco escoitara bruido algún. O que a nós nos estraña é que tendo a casa a dous metros das pastas non houbera escoitado nada, pois non foron dous ou tres postes os caidos senon vinte ou trinta.

O Luis meteuselle na cachola que non retiraria os postes do camiño, polo que os veciños deron parte dil debido a que non se podia nin con carros, nin con coches nin tan siquera con motos é os que vivian o outro estremo tiñan que dar unha volta de mil demos.

Invitouno o Alcalde (Chicho) a que retirara os postes pois xa iba con moitas vegadas que

(pasa a pax. 6)

A SANIDADE EN CRECENTE

(ven da pax. 3)

ller que ten un nome que se presta a confusión, pois ben esta muller levaba anos pagando a cuota da Seguridad Social Agraria e un bo día chegalle alí o Sr. Galego e dille: mira, tí ainda eres nova pra estar pagando, e hai unha muller que xa pasou da edade pra empezar a cotizar a paga o diñeiro que faga falta pra que lle consiga metela na Seguridade Social, así que tí podíalles deixar o teu sitio. A mulleriña, como llo pedía o Sr. Galego dixo que sí, porque senon pobre dela, quén aguantaba a esa fiera. E así foi como esta muller perdeu os anos que cotizara sin recibir unha peseta a cambio, por suposto. O cabo duns anos esta mullerciña acercouse a Crecente pra ver qué lle decía o Sr. Galego da sua situación, pra que apuntase outra vez. E mirai vos por donde o Sr. Galego díxolle que xa era tarde pra apuntarse e que lle facía un gran favor apuntandoa e que se ariesgaba él co que iba a facer. E iso que él po-la trampa que lle fixera, suponse que cobrou a suas boas pesetas. E esta foi a desgracia dunha muller que dispois de pagar uns anos perdeunos po-la culpa do Sr. Galego e dispois nin xiquera lle quería arrenxar de novo pra poder pagar. ¡Sr. Galego, va é hora de que vaia facendo as maletas, eiquí xa fixo a sua América!

(A delegación da Voz do Condado no Axuntamento de Crecente.)

OLEIROS

OS GASES EMANADOS POLA FABRICA "CERAMICAS DO MIÑO, S. L.", CAUSAN DESTROZOS NA VEXETACION EN PLANTACIOS DOS ARREDORES

No mes pasado, un feito conmocionou á parroquia de Oleiros. Os gases que emanaba a f*brica de ladrillo "Cerámicas del Miño, S.L." queimaron totalmente a vexetación dos arredores da fábrica. Os propietarios das veigas, veciños de Oleiros e Liñares viron coma suas colleitas quedaban totalmente queimadas polos gases da fábrica.

A reacción foi inmediata. Denunciouse o feito ante o Axuntamento e convocaronse reuniós parroquiales, asistindo na derradeira o propeitario da fábrica Florencio Martínez Alvarez, o cal prometeu, dempois de longas discusiós o pago das desfeitas e a solución o problema de emanación.

Parece ser, que por outra banda, o Axuntamento presionou fortemente sobor do empresario, co gallo da normalización e instalación de medidas correctoras na fábrica.

ORDEN DE CLAUSURA DA INDUSTRIA

Pesi a non saber en que quedaron as conversas Axuntamento Empresa, parez ser co pirmeiro remesoulle a empresa, non fai moitas datas unha orden de clausura baseada na non observación das medidas correctoras e nos perxuicios que ista inobservancia estaba a causar os propietarios das veigas próusimas.

Nos derradeiros días a situación está máis crara e a emanación non produce os danos orixinarios da protesta.

INDEMNIZACION

Unha vez solucionado o problema das emanaciós, queda o de indemnizar a todolos veciños afectados polos daños causados. Unha vez que se evalúen istes daños seralle presentada a conta ó empresario por vía amistosa, e caso de non aceptar, irá por vía xudicial.

Historias do País de Ningures

Esta é unha hestoria, das moitas que pasan no noso País. E coma todalas hestorias do noso País é tristeira, anguriosa. E a hestoria de sempre, os bos non son tan bos e os malos non chegan a ser tan malos...

Todas escomenzan por "ocurriu unha vez" ou "era unha vez". Ista non; ista escomenza eisí:

Na parroquia de Oleiros hai un largo un largo onde as vegadas vai a xente a falar das súas cousas. E tamén un largo onde se poden pór os coches e onde xogan cando os deixan, os cativos. E, en definitiva, un largo, coma os que se atopan na nosa Terra en todalas parroquias. Sirven pra todo. P ı xogar, pra pasal-o tempo, pra criticar, boeno, pra todo en definitiva. Pois ben, un día chega un home, un home, que por suposto fala moi ben o castelán, e dí: Isto é meu. Ninguén di ren. Ninguén se opón. Pra qué. Din que patadas de burro non chegan ó ceo. Pro os que din eso non falan das patadas de moitos burros.

I é eisí, cun malfadado día chega a Oleiros o burro da pirmeira patada. Ise malfadado día chega a Oleiros o Excm. Sr. Abelardo Argüelles Soto, e chega dende o País onde os burros non dan patadas, dan couces. E ise País onde ós burros fai tempo lle cortaron as patas datrás pra que non dañen a ninguén, Alá cortarónllas, eiquí nascenlle de novo. Ista terra e moi productiva pra esa especie animal. E chega e dí: Esta tierra es mía; esto largo no es todo del pueblo. Parte de él me pertenece. A xente é boa e rí a gargalladas.

Non debera de reire, debería de chorare...

I é eiquí onde iste home pranta unhos setos e ó redor deles unhas froles, e que ledicia.: convirte parte do largo en xardín. Pro, en xardín particular. E soio díl. Xa non é pubrico.

En tón chega o home malo do Axuntamento e obrígalle a persentar as probas da súa propiedade. De que é súa, I e niste inte cando se pode

MERCAR O HOME POLO BANDULLO.

Cales son os millores? Quén tén prestixio na parroquia? Amigo, ehí está o segredo. As terras púbricas non teñen documentos; son do pobo dende xuntamos olgúns dos que na tempo inmemorial. Pro, e si parrooquia teñen sina de honrados decindo que iles lembran isas terras sendo sempre miñas? ¡La madre del cordero!.

Coma se pode mercar un home? E moi fosdo. Sé despóco con íl.

Pro dempois hai que ter a merced de invitalo a comer.

Moi ben; na do Lino. E a base de marisco.

Alá van os desclasados Alá van os famentos de poder. Alá van o Chato (Gerardo Fernán-Cruces Rivas); o Alcalde de Badez Alonso); o Pipo (Adriano rrio (José González Rodríguez). E comen ben. E beben ben. Pro tamén falan: Vós sabedes co largo das Zacoteiras non é todo de uso púbrico .Vós sabedes que meu pai deixoume parte díl.

Todos dín que sí. O Abelardo e un home moi aberto é un home moi comprensivo; ten que ser moi bo, senón xa o tiñan liquidado na Euskadi.

I é entón, coma en Fuenteovejuna (Hespaña), que van todos a unha: Ao Axuntamento a decir que esa terra e do Excelentísimo Sr. D. Abelardo Argüelles Soto.

E foron. E o dixeron. E os escoitaron...

Pro o home malo do Axuntamento, por ser tan malo non quer creer na honradez do Chato nin na vellez do Pipo, e tampouco no moito saber do Alcalde de Barrio. Dí que quer coñecer a opinión do pobo.

E craro, iste conto ainda non se pode contar enteiro. Fállalle o remate.

O remate diste conto, será o que o pobo queira, pro sin marisco, sin viño, sen ren, pro coa diñidade e a satsifacción de defender os intereses da comunidade, na contra dos manexos caciquiles.

PARDERRUBIAS

Os veciños de Parderrubias abonados a enerxia eleutrica que suministra "Matías Candeira", queremos faguer a seguinte reclamación: Xa vai pra moitos anos que andamos protestando o xerente de Salvaterra (Pepiño de María) pra que nos dé unha potencia de alumbrado e de fluxo de corriente suficente pra ver si eisi deixan de queimarse os motores, neveras, etc. e demais aparatos que necesitan aumento de enerxia aitual i exisimolo pois pra iso esramos pagando.

Por si isto fora pouco, espetaron un alumbrado púbrico a xeito dos amigotes colocando os puntos de lus en lugares que non facían falla e deixando outros como por exemplo o camiño que separa Chan da Igrexa con Montecelo, totalmente a escuras. ¿E que iste camiño non ten un grande servicio pra parroquia ou é est* fora do mapa

Xustificaronse ante a facenda co cambeo de untransformador, pro non do alumbrado e menos ainda coa clandestinidade de tantos e tantos muiños re piensos que tanta corriente consumen, é nos nos parece que é ahí onde está clave da falla de lus.

Os lobos devoran os cordeiros

(ven da pax. 5)

os veciños chegaban coas queixas, pro il negouse outra ves (hai que acrarar que Luis do Anxo é un bó aliado do Caciquismo) é pra que non lle voltara a insistir en retirar os postes regaloulle un cordeiriño ben cebado como pago os favores recibidos.

Aos poucos días, na "Mansión" celebrábase un gran bacanal, na que o artista invitado sería o cordeiro do Luis do Anxo do que ao final, somentes lle quedarian os osos ben pelados e o craneo.

E eiquí o final dista hestoria que o que non coñeza o percal, diría que retrata as falcatruadas do seculo pasado.

En fin veciños non vos alporicedes cando vexades restos de animales perto de algunha mansión caciquil. Non son os lobos que andan merodeando. Millor dito si son os lobos, pro uns "lobos" moito mais feroces é caníbales que os verdadeiros comedores de ganado. Son os lobos disfrazados de cordeiros é protexidos pola "lei" que seguirán faguendo as suas cuchipandas namentras caiga algún parbiño coma o Lus do Anxo.

PESQUEIRAS

Noxento resultanos enterarnos de que o tratamento dos enfermos asegurados na Seguridade Social é realmente como verdadeiros animales é ainda pior cando isto ocurre con unha urxencia.

Isto é o que lle pasou a María Giráldez Rodríguez, veciña de Pesqueiras é traballadora de conservas Alfageme:

Atopándose esta señora de baixa por enfermedade é mirando o avanzado de unha inflamación que padecía (o día 29 de xulio de 1978), é atopándose con ela unha compañeira de traballo que a viñiera a visitar (Carmen Méndez Carbajal, veciña de Gondomar), ista última meteuna no seu coche é as 10 e media da noite presentouse na casa-consulta de Angel González Soto (mais coñocido por cabeza de porco ou Porco sin pescozo), iste elemento non tiña nises intres ningún pacente nin salía a visitar ningún enfermo, espoñendolle o motivo da visita, tratounos de borrachas e a pesares de ver o mal que se atopaba a enferma posto que se queixaba moito, deulle coa porta nas narices e recuncando no de borrachas e maneiras de desprecio botounas fora, cando o único que daba síntomas de estar bebido era o antedito médico.

A compañeira vendo que non había maneira de facer entrar en razón o médico (que diso non ten nada) colleu a enferma e levouna a residencia Almirante Vierna, onde lle fixeron a cura de urxencia e quedou inmediatamente internada.

Eisi é como nos tratan istes carniceiros é a maioría diles frustrados que non poden mais que dedicarse a amasar cartos pro que nunca serán nada na mediciña.

A veciña de Pesqueiras presentou unha denuncia por escribido ante o inspetor médico correspondente pro iste orgaismo ainda non deu contestación é supoñemos que coma sempre ou caseque sempre nin siquera abriría investigación do caso, a pesares de que iste "médico" ten antecedentes que figuran na Inspección. Dende estas líneas queremos instar o responsabel da inspección pra que abra un espedien, pois en caso contrario repetiranse istes feitos, como ben sendo habitual, moitos nos temos que o prousimo ingresado fagao cadavre.

A redaición diste xornal quer recalcar a importancia que pode ter pra todos nós (os asegurados) toda denuncia, tanto púbrica como os orgaismos competentes de todos os casos dos que se negue a sistencia a algún enfermo, eisí como os cobros polos desplazamentos que efectue o medio a domicilio, isto xa o recalcamos en números denanteiores.

SANTIAGO DE OLIVEIRA

Pra Falar de todas as fatrulladas caciqueles que teñen acontecido na nosa parroquia, faise inevitabel falar de Antonio, o alcalde pedaneo e mais do Lito, ambolos dous colaboradores de Castro na prroquia, a estes dous tipos e demais membros da camarilla caciquil, os veciños temos que decirlle que as decisións de calquer asunto relacionado coa parroquia, ten que ser tomada por todolos veciños, non por estes dous tipos unecamente, como ven sendo costume, pois vostedes non son quén pra vender a madeira dos montes as costas dos veciños como acaban de facer. monte é de todos. ¿Porque non decides cantos cartos viñeron de Madrí pra pista? ¿Onde os gastastes?, a facer traballos pra vos, cómo o desterro que fixo o Lito no lugar da fábrica, coa maquinaria que estaba facendo a pista; e agora cómo non chegaron os cartos pro ramal, vendedes os piñeiros do monte, e cómo non chegaban os piñeiros pra facela conta redonda, marcastes nos piñeiros da parroquia de Celeiros. Por qué non decides cánto vos deron por eles? O pior é do valor da madeira vendida, soio queda pra invertir na parroquia o 25 por 100, mentras que o axuntamento quedase co resto, pra pagarlle esta colaboración a Antonio e mais a Lito, Castro pagoulle un soldo diario durante os días que andiveron a facela pista, unecamente estes tipos andaban a mirar pros demais como traballaban e a que lle axeitaran ben as entradas pras suas fincas e montes.

Cando a Comisión do monte andivo a recoller firmas pra recuperación do monte veciñal eles decíanlle a xente que as firmas eran pro comunismo e que a comisión habiaos enganado, cando os veciños sabían ben o que firmaban pois primeiro enterabanse do contido da instancia que era pra recuperación do monte, do mesmo xeito cando o pedaneo Antonio recibiu unha citación pra ir o Axuntamento pra informar sobor do monte, non foi nin llo notificou a comisión do monte, mais fixeron todo isto porque este caciques non lles convén que a parroquia se mova pra recuperlo monte, pois eles teñen no seo poder propiedades que son dos veciños, e desta maneira intentan manexar a parroquia coas suas mentiras e risas falas de cínicos e convencer os iñorantes.

Sobor do teléfono ainda non se sabe nada, a pesares de que hai mais de dous anos que andiveron a pedir pola parroquia, e como sempre acordan eles, o teléfono proxectaron metelo nas casas dos caciques, cousa a que os veciños nos opoñemos, porque cando un fala non ten porque naide saber de que falou nin de que logo lles digan que o teléfono non funciona, pra non seren molestados, os veciños queremos que se monten unhas cabinas dónde poidan entrar e sair sen molestar a naide. dónde si hai un accidente pra xente forasteira que non coñoce o terreo, poida pedir un auxilio. Así é cómo ten que ser señores caciques.

O alumbrado público si alumea nalgún lugar unha semán o ano pois xa se salva, pero a porta dos caciques sempre hai lus. Xa é hora que a lus alumee pra todos e que estes elementos vaian rendindo contas e que o ben común de todolos veciños estea por enriba de egoismos particulares dos caciques que toda a vida nos estiveron aldraxando.

O CORRESPONSAL

GULANS

Unha vez mais veciños de Gulans foron chamados ante o xuzgado a declarar por unha suposta participación nunha "TALA POPULAR" de eucálitros.

Entre iles atópanse as persoas mais honradas e loitadoras da parroquia como Xosé Groba, Hermosindo, Xosé Amil, etc. Ante tal eito de proceder, nos saludamos a istes valientes veciños, e lles aconsellamos o seguinte:

1.º — Que se reserven as acciós legales que se dreiven das conseguintes acusacións de que son ouxeto, feitas istas dun xeito arbitrario.

2.º — Que as constantes molestias, entendemos, que o único fin que persiguen e meterlle medo a xente, sendo pois un xeito caciquil de ocultar unhos daños reales que ocasionan os eucálitros.

3.º — Denunciar ante a opinión pública, unra vez mais, os daños que se nos está a facer nos nosos montes comunales, por parte da multinacional Proullasa e a sua compañeira de viaxe Torras, cas suas plantaciós de eucálitros, feitas estas baixo contratos otorgados no tempo do franquismo, e por suposto por Corporaciós Locais dirixidos por persoaxes nomeados a dedo.

4.º — Poñemos en guardia a todolos veciños do Condado, pra que teña cuidado de un triste persoaxe chamado "EMILIO" capataz de Proullasa, chivato pra empresa, que se adica a facer indagaciós como un can policía, e as veces falando mal de Proullasa pra que a xente lle conte o que seipa.

5.º — Que reclamamos a devolución inmediata de ditos montes, así como a rescisión dos contratos esistentes cas devanditas empresas multinacionales, polas razós xa espostas en que foron feitos ditos contratos.

Plan de ordenación urbán do Condado:

OS 'ERROS' DOS SABIOS

A «Dirección General de Urbanismo», denegou a aprobación do Plan de Ordenación Urbán do Condado; así o manifiesta nun escrito remesado á Diputación Provincial, á Mancomunidade e, independientemente, a cada un dos Axuntamentos ca compoñen. Isto, en apariencia, é unha victoria da Xunta de Veciños do Condado e máis da xente co marxen dela opúxose ós manexos do noxentamente famoso Pepe Castro. E decimos en apariencia, porque un «erro» burocrático pode deixar sin efectividade o veredicto da «Dirección General».

Saber cándo e cómo errar.

A ista conclusión chégase, porque según a Lei, un Plan de Urbanización pode ser aprobado por «silencio administrativo» se transcurren seis meses dende a súa presentación ante a Dirección Xeral sin que se reciba, dentro diste prazo, notificación resolutoria algunha do mesmo. E que casualidade, a notificación denegatoria do Plan chegou un día dempois de transcurridos os devanditos seis meses.

Agora, á Diputación mais a Mancomunidade (Puig e Castro), quédalle o dereito de recurrir. E vanno a facer; vanno a facer en base a ise suposto «erro» cometido pola burocracia do Estado Hespañol. E teñen moitas posibilidades de gañalo. O resto, o úneco perxudicado vai ser o pobo, pro ísto, a iles non lle preocupou antes con Franco nin agora coa «Democracia». E normal, son os mesmos.

Obedecer ó amo.

Non debemos esquencer que goberna UCD, non debemos esquencer no Ministro de Obras Públicas e Urbanismo e Garrigues Walquer e tampouco debemos esquencer que Garrigues Walquer é un dos homes de UCD máis ligados ó capital multinacional (Autopistas, Celulosas, Centrales Térmicas, et. cétera); e sabendo que UCD é o representante do capital industrial, que lóxicamente depende en gran medida de capital financieiro (a Banca), e que íste capital financieiro está representado por Alianza Popular (AP), e moi doado chegar a conclusión de por qué tan doadamente se produxo o «erro», que iles saben que pode resultar catastrófico pro pobo do Condado. O problema estaba en que UCD tiña que dar unha imaxen democrática, e AP non necesariamente.

Lavar a cara.

Ista solución (a do erro), moi intelixente, ven producida polo seguinte: as enormes movilizaciós populares, o outo índice de sensibilización cara o problema, os centos de reclamaciós cheas de firmas que se presentaron, fixo, ou millor dito, obrigou a cos representantes de UCD no Condado mantiveron unha aititude, senón de franca oposición, sí de profundo reformismo cara o Plan, sobor de todo porque os seus dirixentes estiveran, cando ainda non perteñecían o «Centro» (i en consecuencia non estaban suxetos a discipliña de partido), na contra dunha celulosa que se pretendía instalar nas Neves. Lembramonos ben disto. Agora, sabendo iles tan ben coma nós que detrás do Plán está agouchada isa mesma Celulosa, non poden virar a chaqueta porque a súa misión é gañar votos. Por iso as decisiós dos órganos estatales de UCD non poden estar en contradición coa postura da súa militancia, que é en definitiva quen a mantén no poder.

Os intereses de AP e UCD, coma representantes do capital fan un frente común (é lóxico, as suas diferencias ideolóxicas son soio de matiz) na contra dos intereses populares e incruso da militancia de base. Así as cousas, faise necesario atopar unha terceira vía, que por unha banda manteña a imaxen democrática do poder, e pola outra sirva os seus fins. No caso presente, a terceira vía é a do «erro». Diste xeito, pódeselle contestar ós inquéritos do pobo: «Nós opuxémonos, pro iles gañaron coa Lei na man». A Lei do Embudo, craro.

Pra ser profeta non fai falla o álito divino.

Non; evidentemente non fai falla. Un mes antes de que se produxera o famoso erro, xa pola rua se falaba de súa aprobación por «silencio administrativo». Catro días antes de rematar o prazo, «Pinta» Castro, comunicou nun Pleno do Axuntamento de Ponteareas co Plan estaba xa aprobado. Por riba de cacique e feixista, agora resulta que é profeta. Si claro, Puig es el Señor y Castro su Profeta. Agora soio falla que padrique a Guerra Santa.

Erguerse diante do asoballamento.

Diante distes feitos, soio queda a oposición do pobo na rua. Non deixan outra alternativa. A creación de Asociaciós de Veciños, de Xuntas parroquiales asamblearias onde se lle poida facer frente ós caciques. A loita na contra da replantación de eucaliptos, contra Proullasa, contra Celulosas, contra todo o que siñifique empobrecimento i emigración. Defender a industrialización racional das terras da nosa nación, a partires dos seus propios recursos, desbancar pra sempre os caciques e os feixistas dos cárregos, é a misión que lle queda o noso pobo. Porque o noso pobo está empobrecido e as leises non protexen os probes; as leises fannas os privilexiados pra eles, e a soio eles protexen.

Soio hai dous camiños: por o lombo pra que caian os paus ou erguer o peito e facerlle frente ós que os empuñan.

León Rufo

A cuota empresarial da Seguridade Social Agraria:

UNHA FORMA MAIS DE ROUBARNOS

Por parte da Administración están postos ao cobro os recibos da «polémica» cuota empresarial da Seguridad Social Agraria. Iste feito obríganos a denunciar tan grande atraco que se nos está a facer.

Máis, non somos nós os primeiros que erguemos a voz de protesta contra iste roubo. O ano pasado milleiros de labregos de Lugo e Ourense levaron adiante verdadeiras movilizaciós en contra dila.

Por outra banda, nos non pretendemos sustituir aos Sindicatos nas suas aclaraciós ao respecto de cómo hai que loitar en contra diste feito, pois son os sindicatos, e por suposto os sindicatos que representan os verdadeiros intereses dos labregos, tales como CC.LL., SAGA, SS.AA., os que se teñen que encargas de clarexar aos labregos todo o relativo a Seguridade Social.

Nos limitaremos a facer algunhas consideraciós xerales en torno as contradiciós da chamada Seguridad Social Agraria.

Como todos ben sabemos as leises que se están a facer en Madrid, supoñen sempre pra nós grandes des problemas no momento da sua aplicación. E iso é debido a que iles cortan todo polo mesmo patrón, sin ter en conta que en cada nación do Estado Español (Galicia, Euskadi, Catalunya, e España) teñen unhas maneiras de orgaizarse diferentes, así como unhas costumbres, tamben diferentes. Por iso o couceuto de propiedad cambea de aplicalo en Andalucía, Castilla, Catalunya, etc., e nós.

As terras en Andalucía, e Castilla están en mans de poucos donos, e por conseguinte unha persoa pode ser dona de varias Hea. de terras, que il soio non pode traballar, e entón ten que botar man de xornaleiros pra que llas traballen. E lóxico que iste señor pague unha Seguridade Social como autónomo e lle pague o Seguro Social aos xornaleiros coma asalariados que son.

Máis en Galicia a división da terra dase a traverso do chamado **minifundio,** e decir, a terra moi dividida, e que até agora isas terras soio sirven pra subsistir. Sendo pois, isas terras, pouco máis que o **legón,** e decir, ¡¡unha ferramenta de traballo!!

Así pois, de todo isto sacamos as seguintes conclusións:

1.º—O Estado que nos goberna dende Madrid pouco conoce a nosa realidade, e si a conoce ben nos quere roubar, pois confundenos cos grandes propietarios de Castilla e Andalucía (latifundistas) e nos fai pagar a Seguridade Social como Autónomos, igoal que iles, que son grandes propietarios.

2.º—Si somos propietarios (Autónomos): ¿Por qué non se nos dá os créditos que distribuien as Caixas Rurales igual que llo dan aos caciques que nós bén coñecemos do Condado que teñen moitos montes e veigas, tan soio polo feito de séremos propietarios co abal das nosas terras? A cousa está ben clara. Pra iste caso iles saben moi ben que as nosas terras non son suficiente garantía, inda que a nosa palabra, pra nos, sí a seña, e pídennos que lles levemos unha ou duas firmas de outros labregos, ou do cacique que nos quer manipular.

3.º—Nos somos tan esplotados como os xornaleiros que traballan pra os grandes latifundistas de Castilla e Andalucía. Pois si ben a aqueles o que ganan non lle chega pra subsistir, o que :e sacamos a terra e a vaca nós, tampouco nos chega.

Por todo isto, nos sumámonos as reivindicaciós dos Sindicatos que defenden os verdadeiros intereses dos labregos (CC.LL, SAGA, SS. AA.). Ao mesmo tempo denunciamos a certos sindicatos amarelos (AGAP, A.G. P.P.) que non hai dúbida serán os seus dirixentes os que axudarán a levar adiante dito atraco.

BLAS do Tea

FRAGA



Mais fanfarrón ca Napoleón, mais estupido ca Nerón

Teríamos moito a decir diste zascandil do fascismo, pro sendo tan conocido, faremos soio un breve análisis da sua anqueira en verse no posto de ditador, pois chega a tal extremo que o seu comportamento raia na cretinez. Do seu pasado, podemos consideralo un gran partícipe da corrupción franquista, ainda que hoxe cando lle tocan algún tema como: Matesa, Reace, o da Guinea ou o de Africa, contesta con moito ímpetu, como si lle sobrara razón, cando o único que lle sobra a iste político é jeta, sí, moita jeta. Cando Ministro de Información y Turismo, fixo canto lle petou, o goberno adequeriu varios castelos pra convertir en Paradores Nacionales de Turismo, nas restauracións e instalacións xuntamente co coste invertíronse miles de millóns de pesetas con cargo o pobo. O pobo, tería como compensación poder velos no televexo, cómo se celebraban —tamén a sua custa— ceas medievales, donde uns comediantes do franquismo servían de bufóns os comensales, istes solían ser elementos do goberno e os seus convidados por irmandá ideolóxica. Tamén lle foron concedidos cretos de millóns de pesetas a certos elementos ademiradores do Franquismo, como ó que fixo o hotel Samil en Vigo, o cal ven a inauguralo o entón ministro Fraga Iribarne. O que fixo Fraga cando ministro de Información y Turismo foi unha verdadeira estafa a pobo de todo o Estado Español, pois istes centros de recreo pra fascistas, foron e siguen sendo unha carga pro pobo, as perdas son de miles de millóns. Tamén podemos decir algo da sua etapa como embaixador en Londres, pois hai quen pensa que foi un gran embaixador e a nos soio nos queda preguntarlle, ¿qué fixo en Londres, Sr. Fraga?

Como Ministro do Goberno da Monarquía, foi nefasto, lembremonos de Pamplona, Montejurra e outros mais. Cando as eleucións do 77, saiu por todo o Estado Español, berrando que él era o mellor, e se alguen lle facia preguntas que non eran do seu agrado, axiña sacaba de chaqueta e desafiaba o coloquiante. Agora anda facendo outra turné por vilas e aldeas, cando a vila é de certa importancia, subasta os tirantes e quedase tan ancho. A verdade, é que causa vergoña que o noso ex-embaixador saque a chaqueta desafiando os labregos da Ponte Nova en Lugo e outros puntos do Pais, ou que, o ex-ministro (bis) vaia vendendo os seus tirantes como un charlatán de feira.

Fai pouco tempo pasou polo Condado como a galerna do ano 72, autoritario, enérxico e violento. Acudiron a escoitar a sua conversa ramplona, contadas persoas da localidá, os demais eran os seus edecáns que io viñan seguindo, sin que faltaran os seus garda costas, pistoleiros a xornal. Os caciques locales quedaron encargados do transmitirlle as consiñas engañosas os desenterados, pois soio con eses podo contar o capitán Fraga, posto que, gran parte do pobo vaise decatando do quen é iste elemento.

Fraga, é sin dubida o grán defensor do gran capitalismo, desvívese por ser Xefe Supremo do Estado Español, azuza nas forzas armadas pra que collan o dominio con él a cabeza, prómetelle grandes milloras, e él e a sua cuadrilla fan todalas maquinacións pra desestabilizar o pais. Sabemos ben que están dacordo con él a maioría de alcaldes, concellales e caciques de toda ralea, pro vanlle ser poucos, a istes tenlle prometido que seguirán ocupando os seus postos, e ante o medo a que se lle descubra as estafas que teñen feito, fan o que sea, de ahí, que estemos atravesando una grave situación. O Sr. Fraga, se tuvera solo un pouquenechiño de esa honestidade que él presume, en vez de atacar partidos e nacionalidades, diria outras cousas que él sabe ben. Podria decir das estafas que gobernantes, simpatizantes e familiares do franquismo, fixeron o pobo, empezando por él mesmo, por exemplo: o que aconteceu na Guinea que primeiro foi declarada materia reservada e ainda agora sigue sin esclarecer, donde o Sr. Fraga foi un gran beneficiado coas concesións que pra sí se reservaron, él, Carrero Blanco e outros Ministros do franquismo. O negocio dos fosfatos de Africa. A evasión de diñeiro os Bancos de Suiza en valixas de persoases franquistas, en grandes camións precintados como o caso do Banco Coca que ten como axudante pra realizar as grandes estafas o Marqués de Villaverde tan soio feito de ser xenrro do ditador. Non, o Sr. Fraga diste nunca dixo ren, nin polo televoxo, nin nos seus mitins. E de entender que Fraga non pode atacar os seus amos, como bo alcaguete encubrelle todolos seus proieutos que consiste en meter o noso territorio na mán das multinacionales colonizadoras e esmagar o pobo coas forzas represivas. No Condado xa teñen posto o ollo dende fai tempo, pois o xa famoso Plán tan soñado polo cacique Castro e os seus compinches de As Neves e Arbo, forma parte do programa. Temos que ter moita conta, soño distes fascistas é domeñar e someter a todo pobo. Por iso o capitalismo colonizador, pon a disposición de Fraga toda cras de moneda. Fraga, ditador e traidor nato, pretende chegar o poder hipotecando vidas e facendas. Fraga, fracasado como embaixador, gastado por mal visto como político, agora quer abranquer o mando polo engaño e pola forza.

Levas mal sistema Manueliño, sí, Manueliño, por non chamarche outra cousa.

Xoán de Oliveira

OS NOSOS POEMAS

O REVOLUCIONARIO

O neno labrego xa se levantou
o gando pro pasto cediño levou,
cando a sementeira vai chamando os bois.

As pernas pequenas metidas nas leibas,
cando dan a volta na punta das veigas.

Vai diante da xunta, leva os pes descalzos,
aprentanlle as zocas e non ten zapatos.

O neno labrego cando chega a noite,
os brazos cansados de puxar pólos bois,
os pes espiñados,
ias costas moidas dun par de bariazos.
Hai que ser humilde e bo servidor,
facer o que manden o crego io señor,
isto dille o neno, **seu pai labrador.**

O neno labrego ten que ir a igresa,
pois mandalle o crego estar a ben con Deus,
que o ceu está enriba e el está embaixo
sin dereitos a na, soio a traballar,
sofrir e calar, sofrir e calar.

O neno labrego non pode ir a escola
ten que traballar, ten que traballar,
pra que quer saber, con obedecer
xa lle chega ben,
pois dicelle o crego, i mais o señor,
ti neno labrego, non eres ninguen.

O neno xa é mozo e vese obrigado,
a deixar a aldea e ir de soldado.
Non sabe leer, nin marcar o paso
e volve outra vez a levar bariazos.

E leva dabondo patadas polas pernas,
do cabo instrutor envestido en dn. merdas.

Con aire matón, dicelle o soldado
aqui mandan galóns, ti garda os collóns.

O mozo labrego non poido ir a escola
non sabe escribir non sabe falar,
sofrir e calar, sofrir e calar.

Ali no cuartel non era ninguen,
e pra que lba a ser
con obedecer, chegáballe ben.
O mozo labrego por non saber nada,
rapanlle o cabelo e danlle patadas.

A forza de golpes e por atención,
pasados uns meses sabia a instrucción,
e foi o mellor tirando a diana
conocendo as armas igoal co legón.
Entón decatouse que xa era alguen
e unha boa noite deixou o cuartel,
o mozo labrego xa non era aquel,
dos paus ias patadas i-espiños nos pes.

A Garda Civil, ando a buscar
io mozo labrego querelle falar,
en nome de todolos labregos
que se estan a queixar.
Soldados e gardas, fuxide coas armas,
despertai axiña, faceivos os fortes,
non ser alpabardas,
que vos tamén fostes, uns neno sprobes.
Pois eu son, un grán tirador
e coas vosas armas, io meu mosquetón,
seremos os amos da revolución,
o pobo esta canso de tanto ladrón,
i-agarda por nos, pra revlución.

XOAN TAPIA

(AÑO 1952)

GALICIA CEIBE

Galicia está humida
Galicia está mollada,
mollada pola choiva
mollada polas bagoas.
Galicia está probe,
e colonizada,
faremos Patria Ceibe
a nosa terra amada.
A noite da Frouxeira
será alumeada,
por cinco mil fachos
io Luceiro da Alba.
Alumearemos camiños
carreiros e estradas,
pra que volten o seu lar
as xentes emigradas.

Xoán García